



CONCELLO DE LOBIOS

**MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL  
DO DÍA 24 DE FEBREIRO DO 2006.**

**SEÑORES ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente**

D. Benito Vázquez Vázquez.

**Concelleiros:**

D. Enrique López Álvarez  
D. Celso Paz León.  
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.  
D. Antonio Estevez González  
D. Juan Carlos Pérez Paz.  
D. Francisco Veloso González  
D. José Álvarez Pereira  
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira  
D. Antonio Pérez González  
D. Xesús Deibe Fernández Simo

**Secretaria, Acctal:**

D<sup>a</sup>. María del Carmen Rodríguez  
Fernández

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,00 horas do día 24 de febreiro de 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DO 2005.**

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta da Acta da Sesión celebrada por este Plenario o día 30 de decembro do 2005, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Inmediatamente toma la palabra o Sr. Veloso González, na súa calidade de voceiro do seu Grupo para manifestar que no punto terceiro da Acta do día 30 de decembro referido á situación de asuntos xudiciais, quere aclarar que polo que respecta á cesión do balneario, trátase de un asunto que está pendente de sentenza no Tribunal supremo, e que



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

a denuncia prantexadas ante o Xulgado de Bande foron acumuladas estando pendentes de nova sentenza pola Audiencia Provincial.

Asemade, o Sr. Veloso quere dar lectura a un comunicado que fai referencia á presenza de un asesor na mesa de este Plenario, indicándolle o Sr. Alcalde que neste intre o único asunto de que se trata é de aprobación da Acta anterior e que si quere, ese comunicado pode incluílo na rolda de rogos e preguntas que consta como punto final na Orde do Día de esta Sesión.

De tódolos xeitos, o Sr. Fernández Anguiano, asesor a que fai referencia o pretendido comunicado que intenta presentar o Sr. Veloso, retírase da mesa do Pleno indicando que el ven aquí para tratar de resolver problema e non crealos, pese a que o Sr. Alcalde indica que se mantenha como asesor na mesa á beira da Sra.. Secretaria e do Sr. Alcalde.

Logo destas intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a Acta da Sesión do 30 de decembro do 2005, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra da súa aprobación os catro membros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE e a abstención do Sr. Concelleiro do BNG.

### **SEGUNDO.- CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN PARA PLAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO.**

De orde da presidencia, por Secretaría procédese a dar lectura á seguinte proposta de acordo, que formula o propio Sr. Alcalde:

“No Boletín Oficial do Estado nº 237 do día 4 de outubro do ano 2005 publícase resolución de esta Alcaldía facendo pública a oferta de emprego de este Concello para o ano 2005, consistente nunha praza de administrativo informático integrada no Grupo C e con Nivel 22 de Complemento de Destino. No estado de Gastos do Proxecto de orzamento que se elabora para o ano 2006 e o plantel de funcionarios de carreira, consta esta praza dotada coas súas correspondentes retribucións. Polo tanto, propónse ó Plenario a adopción do seguinte acordo:

Convocar oposición libre para cubrir en propiedade unha praza de administrativo informático integrado no Grupo C, debendo desenvolverse as probas conforme ás Bases que sexan aprobadas pola Alcaldía, de tal xeito que aqueles opositores que superen os exercicios obrigatorios da oposición podan mellorar a súa puntuación final conforme a un baremo de méritos de tipo persoal e profesional, baremo que deberá constar claramente valorado nas Bases da oposición.”

Toma a palabra o Sr. Veloso para indicar que esta praza xa consta na relación de persoal contratado; de tódolos xeitos quere que conste a súa postura de que na celebración de esta oposición debese respectar escrupulosamente a legalidade, indicando



## CONCELLO DE LOBIOS

que os membros da oposición municipal deben de estar incluídos no Tribunal cualificador; o seu Grupo estará pendente da legalidade do exame e no caso de algunha dúbida procederá a impugna-la oposición. Manifesta que o seu Grupo ten dúbidas da legalidade da actuación de Equipo de Goberno, como o demostra o feito das contas que están sen aprobar e que agora pretenden axustar á legalidade. Anuncia o voto en contra do seu Grupo municipal.

O Sr. Fernández Simo indica que xa na outra Sesión de este Plenario propuxo a aprobación de un regulamento de contratación, pretendendo con elo calquera clase de enchufismo; no Tribunal da oposición deberían constar membros designados polas Centrais Sindicais e os Voceiros dos Grupos políticos do Concello, anunciando tamén o seu voto en contra.

O Sr. Alcalde replica que neste asunto vaise a respetar absolutamente a legalidade aplicable, esperando que no seu día, todo o mundo este conforme coas Bases da oposición.

Sometida a votación a proposta anteriormente expresada, votan a favor da mesma os seis membros do Grupo municipal do PP, votando en contra os cinco Concelleiros integrados nos Grupo PSdeG PSOE e do BNG co que o Sr. Alcalde proclama que o Concello de Lobios mediante acordo do Pleno decidiu convocar a oposición libre conforme á proposta de acordo anteriormente expresada.

### **TERCEIRO.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2006.**

Procede o Sr. Alcalde a dar conta da documentación que integra o Proxecto de Orzamento Municipal para o ano 2006 consistente en:

- Estado de Ingresos.
- Estado de Gastos.
- Bases de Execución.
- Informe Económico - Financeiro.
- Anexo de investimentos.
- Certificacións de Créditos recoñecidos.
- Certificación da Débeda Municipal.
- Memoria da Alcaldía de presentación e xustificación do Proxecto.

Toma a palabra o Sr. Velos solicitando que por parte da Sra.. Secretaria se proceda a dar lectura ás relacións de ingresos e de gastos.

O Sr. Fernández Simo quere manifestar a súa postura, que vai ser contraria á aprobación do Orzamento xa que o mesmo é froito da evolución de anos anteriores, arrastrándose débedas que este ano refréxanse, en parte, no Orzamento presentado en



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

máis de 55 millóns (enténdese “de pesetas”), facendo as mesmas observacións que xa manifestou no seu da Comisión Informativa de Facenda e Contas, xa que no se inclúen partidas para un xeriátrico en Lobios nin para o desenvolvemento local que permitira a intervención do Concello de forma activa no desenvolvemento e acción social; a seu xuízo, tal como se presenta no Orzamento do 2006, o concello convértese nunha administración de tipo burocrático. De tódolos xeitos felicítase porque por primeira vez o Orzamento presentase a tempo e contén un aceptable nivel inversor.

De orde do Sr. Alcalde, por parte da Sra.. Secretaria procédese a dar lectura íntegra ós Estados de Ingresos e de Gastos.

O Sr. Alcalde intervén para indicar que polo que se refire ó investimento para un xeriátrico, estanse a facer xestións para a adquisición da metade do edificio do Pazo de Grou que está en mans de particulares, e non coñece as pretensións económicas dos propietarios. Polo que se refire á praia fluvial, club náutico, catamarán o investimento mínimo previsto pode pasar dos 200 millóns e polo tanto habería que buscar financiamento para este investimento; de tódolos xeitos primeiro vaise rematar coas piscinas municipais.

En rolda de réplica o Sr. Fernández Simo indica que aínda que fora de xeito simbólico podería haber algunha consignación para a compra do edificio de Grou para a instalación do xeriátrico xa que isto permitiría iniciar as xestións neste ano xa que de outro xeito xa haberá que esperar, cando menos, ó ano que ven.

O Sr. Alcalde contesta que o Sr. Fernández Simo somentes quere o xeriátrico en Grou, e as xestións que está a facer a Alcaldía refírense a que o concello de Lobios conte con un xeriátrico aportando o mínimo posible, e incluso de poder ser sen que conste aportación municipal algunha, instalándose no lugar que satisfaga á maioría dos veciños de Lobios.

Replica o Sr. Fernández Simo dicindo que pide este xeriátrico para Grou porque alí xa existe unha infraestrutura, e pregunta ante que organismos está xestionando a Alcaldía a construción de un xeriátrico en Lobios, porque non lle consta que na Vicepresidencia da Xunta, que é a competente nesta materia, houbese habido algunha xestión por parte do Alcalde de Lobios.

O Sr. Alcalde intervén para reiterar que a xestións están feitas e cónstalle que no caso de que se faga algún xeriátrico na Baixa Limia, será no concello de Lobios.

O Sr. Fernández Simo di que isto que di o Sr. Alcalde xa o coñece e que os mellores resultados nestas xestións conseguiríanse no caso de que se traballase de xeito conxunto entre o Equipo de Goberno e a Oposición.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Seguidamente toma a palabra o Sr. Velos pedindo aclaración sobre a expresión que consta o Estado de Gastos de “Funcionarios de Carreira”, replicando el Sr. Alcalde que consta na documentación entregada a pertinente explicación; de tódolos xeitos o Sr. Veloso di que de tódolos xeitos se lle presentaron uns papeis moi ben presentados e que resultan o mesmo que a conta do ano 1997, pero que no fondo non está conforme con eles, e que de tódolos xeitos con educación moi fina o Alcalde e Equipo de Goberno vaino a escoitar, preguntando que é eso que consta nunha partida como “Proxecto Vía Nova Fase I”. Os gastos de persoal, que se cifran en case 600.000 euros debería de ser repartida por igual entre a xente máis necesitada de Lobios, de tal xeito que ofrécese traballo a todo o mundo e que ninguén sexa posto a dedo. Ratifica o xa manifestado de seu na Comisión Informativa: Residencia de anciáns aínda que sexa con consignación de 1000 € que se remate o cámping, que se cree unha partida para a Banda de Música, que se arranxen os vestiarios do campo de fútbol pois tal como están se ven unha inspección de Sanidade, quedarían clausurados; que se colabore coas asociacións culturais, cedéndolles o uso dos locais municipais e que se respete a legalidade dos pagos que se efectúen.

Unha vez rematado o debate exposto, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do Orzamento formado para o ano 2006, conforme á proposta do teor literal seguinte:

*“Visto o Proxecto de Orzamento para o ano 2006 formado pola Presidencia, e*

*RESULTANDO que de conformidade co establecido nos artigos 41.16 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante R.O.F.), 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo e 18 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o Sr. Alcalde elaborou o Proxecto de Orzamento deste Concello para o ano 2006.*

*RESULTANDO que obran no expediente cantos documentos e informes son esixidos polos artigos 165 e 168 do Texto Refundido antes citado e 8 do Real Decreto 500/90.*

*RESULTANDO que o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 do dito Texto Refundido.*

*RESULTANDO que a Comisión Informativa Especial de Facenda e Contas emitiu dictame favorable á aprobación do indicado proxecto de Orzamento para o 2006.*

*CONSIDERANDO que conforme establecen os artigos 22.2e) da Lei 7/85, de 2 de abril, 168.4 do Texto Refundido da Lei de Fs. Ls. e 50.11 do R.O.F., corresponde ó Concello Pleno a aprobación, por maioría simple, do expediente do Orzamento municipal.*

*En virtude de todo o anterior, proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*



CONCELLO DE LOBIOS

1º.- *Aprobar o expediente do Orzamento Municipal para o ano 2006, que consta dos seguintes documentos:*

- a) *Estado de Gastos.*
- b) *Estado de Ingresos.*
- c) *Memoria de Presidencia.*
- d) *Plantel de Persoal e réxime retributivo.*
- e) *Bases de execución do Orzamento e anexos.*
- f) *Anexo de inversións.*
- g) *Informe Económico - Financeiro.*

*Os resúmenes por Capítulos dos Estados de Ingresos e de Gastos, son os seguintes:*

<i>Capítulo</i>	<i>Ingresos</i>	<i>Gastos</i>
1º	235.472,88 €	507.235,94 €
2º	30.000,00 €	392.858,98 €
3º	102.579,83 €	7.833,00 €
4º	601.017,59 €	70.071,11 €
5º	600,00 €	--
6º	----	396.815,53 €
7º	417.029,70 €	---
9º	-----	11.885,44 €
<b>TOTALES</b>	<b>1.386.700,00 €</b>	<b>1.386.700,00 €</b>

2º *Aprobar as Bases de Execución do Orzamento 2006 na forma en que foron redactadas tal como constan no expediente.*

3º *Aproba-lo plantel, tanto de funcionarios de carreira como de persoal laboral, conforme ós anexos que se xuntan ó expediente e o réxime retributivo de dito persoal tal como consta seu cálculo e distribución nos correspondentes anexos, fixándose a masa salarial para o presente exercicio na cantidade de 109.724,34 €, e desta cantidade, unha vez feitas as deducións determinadas polo artigo 7º do Real Decreto 861/86, destinase o 75% (30.921,82 €) a complementos específicos, o 15% (6.184,36 €) a complementos de produtividade e o 10% (4.122,92 €) a gratificacións, asignándose a cada posto de traballo as cantidades que constan no anexo correspondente.*

4º *Expoñer ó público o Orzamento aprobado e seu expediente, así como as Bases de Execución, plantel e réxime retributivo, polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncios que serán insertados no BOP e expostos no taboleiro de anuncios da Consistorial, ós efectos de que durante este prazo poida ser examinado por calquera interesado lexítimo, admitíndose durante o mesmo as reclamacións ou alegacións que poidan presentarse.*



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

*5º Estes acordos e o propio Orzamento consideraranse elevados a definitivos no caso de que durante o prazo de presentación de reclamacións non se presenten, procedéndose seguidamente a publicar no BOP o resume do Orzamento e plantel”.*

A anterior proposta resulta votada favorablemente polos seis Srs Concelleiros do Grupo Municipal do P.P. votando en contra os cinco Srs Concelleiros dos Grupos da Oposición.

Polo tanto o Sr. Alcalde proclama que o Pleno do Concello por seis votos a favor e cinco en contra aprobou o Orzamento Municipal para o exercicio 2006, as súas Bases de Execución, o Plantel de funcionarios e traballadores e o Réxime retributivo do persoal na forma que consta no expediente e conforme ó texto da proposta anteriormente transcrita.

### **CUARTO.- MOCIÓN DO BNG SOBRE RECADACIÓN.**

O Sr. presidente convida ó Sr. Concelleiro do BNG Sr. Fernández Simo a que manifeste a súa postura en relación coa moción presentada neste Concello no senso de que sexa a Deputación Provincial o Organismo encargado da recadación dos tributos deste Concello .

O Sr. Fernández Simo empeza por expoñer que hoxe en día as Deputacións están en horas baixas polo que se as poucas competencias de que dispoñen, como son as de asistencia de todo tipo ós Concellos non son utilizadas por estes, estase a incorrer na decadencia destas Institucións Provinciais, polo que parece oportuno que o Concello de Lobios concerte coa Deputación o correspondente convenio para que os tributos municipais que actualmente son obxecto de recadación por parte de unha empresa privada, sexa efectuada polo servizo de recadación da Deputación, tendo en conta, ademais que en caso de necesidade a Deputación pode facer un adianto da recadación, facilitando así o desenvolvemento económico do Concello.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que hoxe por hoxe non existe motivo de descontento en relación coa xestión que está efectuando a empresa J.J. Consulting que fai este servizo para o Concello; o gasto que supón a facturación que por este servizo formula a empresa é similar ó que percibiría a Deputación, xa que consiste nun premio de cobranza do 5% da recadación; o que si deberase de tratar é da mellora da xestión da recadación dos morosos, e aí si que podería ser mais convinte para o Concello que a recadación se realizase pola Deputación, pois a recadación pola vía de apremio posiblemente fora mais efectiva. De tódolos xeitos xestionará perante a Deputación Provincial esta posibilidade e o resultado desta xestión será participada ós Srs. Concelleiros a través da Comisión Informativa de facenda e Contas.

O Sr. Portavoz do PSdeG PSOE Sr. Veloso adhírese ó manifestado polo Sr. Fernández Simo.



## CONCELLO DE LOBIOS

Polo tanto non se somete a votación a moción presentada en espera do resultado das xestións que a Alcaldía faga ante a Deputación Provincial

### QUINTO.- DECRETOS DO SR. ALCALDE.

De conformidade co disposto no art. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra. Secretaria se de sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucións dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, e que son os seguintes:

**Decreto de 12/01/06:** Autorización pago 50% débeda co Concello de Muiños, atrasos servizo asistencia social.

**Decreto de 16/01/06:** Autorización gratificación por compensación non disfrute vacacións a funcionarios e traballadores en réxime laboral.

**Decreto de 17/01/06:** Autorización gastos de desprazamento ás asistentas a domicilio.

**Decreto de 27/01/06:** Emprazamento como demandado en expediente Contencioso Administrativo nº 13/2006.

**Decreto de 7/02/06:** Autorización gasto dereitos de matrícula “Curso Básico de Formación de Arquitectos das Administracións Locais”.

**Decreto de 07/02/06:** Autorización de gasto de axuda económica a alumnos de bacharelato I.E.S. de Bande.

**Decreto de 21/02/06:** Convocatoria de Sesión da Comisión de Facenda e Contas Municipais para o día 23/02/06.

**Decreto de 21/02/06:** Convocatoria de Sesión Extraordinaria Pleno para o día 24/02/05.

**Decreto de 22/02/06:** Delegación de funcións da Alcaldía entre os días 27/02/06 a 5/03/06.

A Corporación dáse por enterada.

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde indica que por parte do Sr. Concelleiro do BNG foron presentadas dúas mocións, con rexistro de entrada do día de onte, polo que de conformidade co disposto nos art. 83 e 91 do R.O.F., para poder tratar e votar estas dúas mocións resulta imprescindible que previamente sexa apreciada pola Corporación, por maioría absoluta, a urxencia destas mocións.

A primeira das mocións presentadas refírese a que no lugar de Pacendo procédase á ampliación do cruce e camiño pola estreitez do mesmo, nun prazo non superior a cincuenta días, tendo en conta ademais que a propietaria dos terreos afectados os cede de xeito gratuíto para esta finalidade.

O Sr. Alcalde indica que o seu Grupo vai rexeitar esta declaración de urxencia e que vai solicitar informe do Arquitecto municipal dicindo que non se opoñen á realización



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

destas obras e que unha vez recibido este informe e valoración das obras someterase a un próximo Pleno.

Votan a favor da declaración de urxencia os cinco Srs. Concelleiros integrados nos Grupos da Oposición, votando en contra desta declaración de urxencia, os seis Srs. Concelleiros do Grupo Municipal do PP.

A segunda das mocións presentadas refírese a que tendo en conta a documentación relativa ó expediente de honras xa remitido con anterioridade, propón declarar a D. Elixio Rodríguez como persoeiro fillo predilecto do Concello de Lobios.

A Corporación, por unanimidade acorda apreciar a urxencia desta moción polo que seguidamente pásase a considerar o fondo da moción.

O Sr. Fernández Simo manifesta que xa remitiu ó Concello unha ampla información obtida a través de internet, da que se pode deducir que D. Elixio foi e é unha persoa representativa da vida cultural e política non de Lobios senón de Galicia e pódese dicir que de España; as honras é mellor ofrecerllas ós vivos e non cando o persoeiro tivo o seu pasamento; xa foi obxecto de homenaxes en mais sitios e concretamente en Celanova; hase de ter en conta que foi o fundador do Partido Galeguista na Baixa Limia.

Toma palabra o Sr. Veloso para preguntar cantos fillos predilectos hai declarados en Lobios, ó que resposta o Sr. Alcalde que este sería o primeiro caso. Continúa manifestando o Sr. Veloso que non existe regulamento de honores nin rexistro de ningún tipo polo que perécelle prematuro tomar unha decisión de declarar a un fillo predilecto, polo que indica que fale o Sr. Fernández Simo para ver se os convence para votar a favor desta declaración.

Anuncia a abstención do seu Grupo, condicionando esta abstención a outra futura votación unha vez que esten aclarados os méritos alegados e que o Sr. Elixio Rodríguez veña a entrevistarse cos Concelleiros de Lobios.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Álvarez Pereira para dicir que se trata de unha persoa nacida en Grou e que aparte de outros méritos foi quen montou a operación de regreso dos exiliados con motivo da Guerra Civil.

Sometida a votación o contido da moción, vota a favor da mesma o Sr. Fernández Simo, votando en contra cinco Srs. Concelleiros do Grupo Municipal do PP. agás D. Juan Carlos Pérez Paz, que se abstén, o mesmo que os catro Srs. Concelleiros do PSdeG PSOE.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

## SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Previo á formulación das preguntas, o Sr. Veloso González fai o seguinte rogo:

Que se requira a D. ELIXIO RODRÍGUEZ que visite Lobios a fin de que se teña unha reunión, se lle convide a un aperitivo para estudar a moción do BNG sobre posible nomeamento como fillo predilecto.

Preguntas realizadas polo Sr. Concelleiro D. Francisco Veloso González:

1ª.- ¿Estase respectando a legalidade vixente nas contas emitindo cheques ó portador?

2ª ¿Cál é a retribución anual global dos funcionarios de carreira deste Concello?

3ª Cantidades que percibe o asesor.

4ª ¿Ten o Concello pensado deixar o edificio Multiusos ás asociacións?

5ª.- Si das propostas feitas ó marxe do Orzamento ¿tense pensado outorgar algunha partida económica, tales como ó cámping, catamarán no encoro de Lindoso, etc?.

Preguntas realizadas polo Sr. Concelleiro D. Xesús Deibe Fernández Simo:

1ª.- ¿Acudiu o Sr. Alcalde a Santiago en protesta polas subvencións?

2ª.- ¿Remitiu acordo do Pleno polo acordo da levada de Vixa de Abaixo á Delegación da Consellería de medio Rural?

3ª.- ¿Qué xestións se fixo pola levada de Ganceiros?

4ª.- ¿Ten previsto por en funcionamento o cámping?

5ª.- ¿Tras revisión dos orzamentos dos anos 1997 – 1998 existen cheques ó portados de un Concelleiro por 4.000 pts. por ver algo no seu pobo? ¿Qué opinión lle merece ó Sr. Alcalde?

6ª.-¿Ten previsto dotar dun local social a Riocaldo?



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

7ª- ¿Poderíase convidar á Delegada Provincial da Consellería de Presidencia a visitar o pazo de Grou?, propón o día 18 de marzo.

Preguntas realizadas polo Sr. Concelleiro D. José Álvarez Pereira:

- 1ª.- Limpeza da estación de depuración no lugar de Requeixo de Grou.
- 2ª.- Socavón estrada entrada en Requeixo de Grou.
- 3ª Saneamento conducción auga de regadío no centro do pobo.
- 4ª Abastecemento de auga a Requeixo, conducción e depósito.
- 5ª.- Canella de Paxe entre Casar do Souto e Rasela.
- 6ª.- Varias obras pendentes no pobo de Silvares expostas en Plenos anteriores.

Polo Sr. Alcalde, respóntase ós dous Portavoces indicando que as preguntas serán contestadas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 22,00 horas do día, mes e ano ó principio consignados, de todo o que eu, a Secretaria Habilitada, certifico.